



## NOTA INFORMATIVA PARA ÁS FAMILIAS. INICIO CURSO 2024/2025.

### Estimadas familias:

Ao comezo do curso escolar 2024/2025 poñémonos en contacto con todas as familias do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro para lembraros as normas a seguir polas familias do alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria. O cumprimento das mesmas facilitará un mellor funcionamento do centro educativo e a mellora da convivencia escolar. Para calquera suxestión, aclaración ou explicación a estas normas poden dirixirse ao titor/a de os seus fillos/as ou a calquera membro do equipo directivo nos horarios establecidos. Tamén podeades contactar co Colexio a través do 988386670 ou do correo electrónico [ceip.manuel.sueiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.manuel.sueiro@edu.xunta.gal)

## ENTRADAS

1. As familias axustarán a chegada dos seus/súas fillos/as ao Centro á hora establecida para a entrada (**09:00 horas**). As portas do colexio abriranse ás 08:55 horas e pecharanse 10 minutos despois (09:05). Unha vez pechadas as portas deberán entrar pola porta situada no estacionamento de vehículos e tocar o timbre sendo atendidos pola conserxe do colexio ou profesorado de garda.

2. No momento de entrar:

a) **O alumnado de Educación infantil** entrarán pola porta situada na Rúa Antonio Failde Gago nº 21 e accederán á aula de psicomotricidade sendo recibidos polas súas titoras.



b) **O alumnado de Educación Primaria** entrarán pola porta situada na Rúa Vasco da Ponte nº 2 (estacionamento de vehículos) subindo de forma autónoma e axeitada accedendo as súas clases e sendo recibidos polo profesorado responsable da primeira sesión.

3. Os familiares que acompañen aos seus/súas fillos/as ao colexio deixarán a estes **na porta da entrada** para que acudan sos e entren no colexio. **As familias do alumnado de Educación Infantil poderán acompañar aos máis pequenos ata a porta de entrada da aula de psicomotricidade, pero non deberán permanecer nelas durante a entrada.**

4. **Non interrompemos nin entorpecemos o labor dos titores/as no momento da entrada.** Se fose necesario dar información, farase por medio da axenda escolar, escrito para o efecto ou, no seu caso, vía telefónica (988386670), Abalarmóbil ou a través do correo electrónico do colexio [ceip.manuel.sueiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.manuel.sueiro@edu.xunta.gal)

5. Establécese **unha marxe máxima de entrada á aula de 10 minutos**, a partir do cal as portas do centro pecharanse só podendo acceder pola porta situada na Rúa Vasco da Ponte. **O alumnado de Educación Infantil que, excepcionalmente, cheguen despois da entrada do seu grupo serán acompañados pola conserxe e serán entregados á súa titora.**

6. Nos **días con choiva máis ou menos intensa, neve ou sarabia**, procuraremos:

- Axustar aínda máis a hora de chegada ao Centro.
- Se a choiva, neve ou sarabia son moderados ou fortes, **só o alumnado**, e 10 minutos antes das 09:00, **poden acceder ao vestíbulo para esperar a que se produza a entrada.** Os familiares non obstaculizarán as portas de entrada.



## SAÍDAS

1. Uns cinco minutos antes da saída **ás 13:55, abriranse as portas de acceso ao centro educativo.**

2. Os **familiares do alumnado de Educación Infantil** recollerán aos nenos/as no exterior do Centro educativo. En todo momento facilitarase a saída do alumnado. **As familias do alumnado de Educación Primaria esperarán aos seus/súas fillos/as na zona de estacionamento de vehículos.**

3. **A porta de acceso ao Centro pecharase ás 14:15 horas e só poderán permanecer no Centro o alumando que fai uso do servizo de Comedor Escolar.**

### C) OUTRAS

1. As faltas de **asistencia xustificaranse ao titor/a por escrito** (Abalarmóbil).

2. O **AbalarMóbil** será o medio máis habitual de comunicación entre o Centro e as familias.

3. **A saída do alumnado en horario escolar** (p.e. visita médico) realizarase con **información previa ao titor/a** (Axenda/AbalarMóbil). **O pai/nai/familiar acudirá ao Centro á hora sinalada comunicándollo á conserxe ou docente de garda que acudirá á aula para recoller ao alumno/a. O familiar que recolla ao alumno/a asinará no libro de rexistro de saídas.**

4. Recoméndase que o alumnado **traian diariamente o seu xantar** (variado e saudable). En caso de esquecemento, **de forma excepcional**, poderase entregar o xantar á conserxe a cal llo fará chegar ao alumno/a correspondente.

5. **A porta do estacionamento de vehículos permanecerá pechada dende ás 08:40 ata ás 14:15 horas non podendo acceder os vehículos por motivos de seguridade.**



6. Os boletíns de cualificacións dos vosos fillos e fillas realizaranse a través de AbalarMóbil. Todas as familias que desexen obter copia en papel do boletín final de curso deberán solicitalo na secretaría do colexio entre o 25 e 27 de xuño e serán recollidos na primeira semana do mes de xullo do ano correspondente.

7. Ao longo das reunións mensuais do comité de participación infantil realizadas durante o curso escolar 2023/2024 indicaron a posibilidade de reducir os residuos xerados nas merendas co cal adoptamos as seguintes recomendacións.

\* Traer a merenda en recipientes reciclados e sen vir empacados en papel de aluminio.

\* A auga para a merenda en recipientes que se poidan reutilizar.

Agradecendo a súa colaboración, reciban un cordial saúdo.

O director.

José Manuel Rego García